

## MEMORIA ORZAMENTO MUNICIPAL 2021

### I. INTRODUCCIÓN.

O orzamento do Concello de Santiago de Compostela, para o exercicio 2021 ascende á cantidade de 125.020.077,77 euros.

Presenta un orzamento consolidado co Auditorio de Galicia e as empresas municipais TUSSA e INCOLSA de 127.739.010,78 euros en ingresos e 127.667.041,17 euros en gastos, cun superávit de 71.969,61 euros, que reflicte, por unha banda, o superávit da empresa municipal de turismo INCOLSA por unha contía de 28.464,21 euros e, pola outra, o superávit orzamentario da empresa municipal TUSSA por unha contía de 43.505,40 euros.

Tendo en conta as entidades consideradas “Administración Pública” con base a criterios da LOEOSF (SEC), o Concello, presenta un orzamento consolidado co Auditorio de Galicia, a empresa municipal INCOLSA e a Fundación Refuxio de Animais (entidade que foi sectorizada como Administración Pública no ano 2017), que ascende á contía de 126.886.572,79 euros en ingresos, e de 126.858.108,58 euros en gastos, cun superávit de 28.464,21 euros.

Centrándonos no orzamento da entidade matriz, do Concello de Santiago de Compostela, presenta un aumento do 6,88 % respecto do orzamento de 2020. A distribución por áreas de gasto é a que se indica de seguido:

Área de gasto	Descrición área de gasto	CI 2018	CI 2019	CI 2020	CI 2021
0	Débeda pública	5.879.151,51 €	3.395.618,80 €	2.952.126,92 €	2.991.899,16 €
1	Servizos públicos básicos	43.010.364,96 €	47.275.342,52 €	47.481.402,70 €	47.937.589,53 €
2	Actuacións de protección e promoción social	10.330.018,69 €	9.022.817,23 €	9.452.821,10 €	11.413.306,73 €
3	Producción de bens públicos de carácter preferente	19.509.694,66 €	19.304.663,51 €	21.727.070,66 €	22.150.780,80 €
4	Actuacións de carácter económico	12.529.504,17 €	11.551.935,95 €	13.928.613,68 €	17.672.221,13 €
9	Actuacións de carácter xeral	18.953.363,32 €	19.325.646,96 €	21.433.560,27 €	22.854.280,43 €
<b>Total orzamento</b>		<b>110.212.097,31 €</b>	<b>109.876.024,97 €</b>	<b>116.975.595,33 €</b>	<b>125.020.077,77 €</b>

- A área de gasto 0, relativa á débeda pública presenta un incremento de 1,35% respecto do orzamento de 2020. Non obstante, e como se pon de manifesto no proxecto de orzamento, dos 2.991.899,16 euros que se forman parte desta área de gasto, 1.098.244,40 euros correspóndense coa primeira certificación de gasto do préstamo MICINN relativo ao proxecto de compra pública innovadora (CPI), SMARTIAGO, para a mellora dos servizos públicos mediante a incorporación de bens ou servizos innovadores fomentando a innovación empresarial dos axentes do sistema de I+D+i local, rexional e estatal. Ao respecto cómpre destacar o importante fito acadado nesta materia: cando este goberno tomou posesión solo estaba executado o 0,51% do orzamento. En pouco máis dun ano, ano por outro lado totalmente excepcional, logrouse executar máis do 17,7% do total do proxecto. Con

data do 19 de febreiro do 2020 conseguimos certificar máis do 52% do primeiro libramento do proxecto.

- A área de gasto 1, relativo aso servizos públicos básicos, experimenta un incremento do 0,96% respecto do orzamento de 2020. Dentro desta área de gasto consígnase como veremos mais adiante, crédito axeitado e suficiente para a licitación, adxudicación e execución durante esta anualidade dos contratos de alumeado público e de recollida, xestión, tratamento de residuos e para a adxudicación do contrato de parques e xardíns.
- A área de gasto 2 relativa ás actuacións de protección e promoción social, é unha das que maior crecemento experimenta, como non podía ser doutra maneira tendo en conta os efectos terribles que a pandemia da COVID -19 está a provocar nos sectores mais desfavorecidos. En concreto, dentro desta área de gasto, a política de gasto relativa a servizos sociais e de promoción social, experimenta un incremento importante en relación á consignación dedicada a esta política de gastos nos tres últimos orzamentos, incrementándose un 22,85% respecto do orzamento de 2020, un 28,60% respecto do orzamento de 2019 e un 28,7 % respecto do orzamento de 2018. Mais adiante explicarase polo miúdo o detalle para este ano das actuacións de protección e promoción social previstas.
- A área de gasto de gasto 3, relativa á protección da salubridade pública, educación, cultura e deportes, tamén experimenta un incremento dun 1,95% respecto do orzamento de 2020, un 14,74 % respecto do orzamento de 2019 e un 13,54% respecto do orzamento de 2018. Dentro desta área de gasto, son as políticas de gasto relativas á protección da salubridade pública e á educación, as que

experimentan un importante incremento, debido, respectivamente, á consignación do crédito axeitado e suficiente para culminar a actuación relativa ao selado do vertedoiro de Arins (cuxos pregos están na última fase de confección antes de seren remitidos á asesoría xurídica para informe) e á consignación do crédito para á adxudicación e licitación de contratos do departamento de educación e para facer fronte aos gastos extraordinarios que a consecuencia da pandemia COVID está a asumir o concello no relativo ao servizo de conserxaría e limpeza de CEIPS e no servizo de comedores escolares.

- A área de gasto 4, relativa ao comercio, turismo, promoción económica, á investigación, desenvolvemento e innovación e ao transporte público, tamén experimenta un importante incremento respecto do orzamento de 2020. As principais novidades son a achega municipal por importe de 400 mil euros do Plan de Sostibilidade Turística, o incremento do importe da liquidación do transporte e o incremento do crédito destinado ao proxecto de compra pública innovadora de SMARTIAGO en máis de 1,6 millón de euros respecto do ano 2020.
- Finalmente á area de gasto 9, relativa a actuacións de vinculada á administración xeral local, á maquinaria do concello, experimenta un incremento do 6,63% respecto do orzamento de 2020.

## II. PRINCIPAIS LIÑAS ORZAMENTO DE GASTOS 2021

### 1. Política social.

A política social (servizos sociais, cooperación, política de igualdade) segue a ser un dos principais ámbitos de actuación do goberno municipal.

O incremento do crédito ven motivado, entre outras, polas seguintes actuacións:

(1) polo reforzamento do persoal mediante a contratación de persoal de servizos sociais do subgrupo A2

(2) polo incremento da consignación destinada ao contrato de axuda no fogar, pendente de adxudicación.

(3) pola previsión de novos programas sociais, en concreto o programa específico de inclusión social dirixido a persoas sen fogar-COVID-19, o programa básico de inserción social- axudas municipais de emerxencia social COVID -19 e o Servizo Municipal de Urgencia Social (SEMUS) en colaboración coa Cruz Vermella.

(4) pola dotación do crédito necesario e suficiente para licitar e adxudicar á anualidade do exercicio 2021 correspondente ao *“Centro Integral Para la Inclusión Social de Santiago de Compostela”*.

(5) Polo incremento do crédito vinculado ás axudas para á cooperación e o desenvolvemento.

Así mesmo, durante o ano 2021 seguiranse á executar, entre outros, os seguintes programas sociais:

- Programa de apoio á inclusión residencial.
- Programa dirixido á inclusión de menores a cargo.
- Programa dirixido ao desenvolvemento integral do colectivo xitano.
- Programa de apoio á inclusión de persoas sen fogar.
- Programa para a innovación, redefinición e posta en marcha do servizo de axuda no fogar.
- Programa de orientación e atención social.
- Programa de reforzo dos servizos sociais comunitarios.
- Programa de intervención social con persoas en situación de vulnerabilidade social.

No ámbito da igualdade, realizaranse, entre outras, as seguintes actuacións:

- Executaranse os contratos, asinados a finais do ano 2020, e relativos ao servizos para a implementación do programa “Compostela Territorio das Mulleres”; ao servizo relativo á coordinación e funcionamento da casa das mulleres Xohana Torres; e ao servizo relativo á campaña nos centros de ensino para traballar a educación en igualdade e programas para a prevención de violencia de xénero dentro do Plan Municipal de Igualdade.
- Realizaranse de actividades e campañas de fomento, difusión e sensibilización en materia de igualdade, directamente e en colaboración con entidades.

No tocante á mocidade, entre outras accións:

- Impulsaranse o programa de muralismo, o de campamentos de verán ou o do noites alternas de ocio nocturno.
- Continuarase coa execución do contrato relativo ao servizo de xestión e programación do Centro Xove de Creación Cultural e locais de música, formalizado a mediados do ano 2020, o que sen dúbida permitirá incrementar substancialmente o servizo cultural en relación coa música para os mozos.

## **2. Educación.**

Tamén seguindo a pauta iniciada por este goberno no orzamento do 2020, se produce un incremento importante na área de educación. Isto débese non solo á necesidade de incrementar a partida destinada á limpeza dos centros de educación infantil e primaria (CEIPS) dependentes do concello para facer fronte aos gastos de limpeza extraordinarios a consecuencia da COVID -19, senón tamén á dotación do crédito axeitado e suficiente para outras actuacións vinculadas co departamento de educación, entre as que compre destacar o contrato relativo á Escola Municipal de Música e o contrato relativo á xestión do centro educativo e de Lecer María Miramontes, ambos a piques de seren adjudicados e á licitación do contrato de conserxaría e limpeza de CEIPS e do contrato relativo á escola infantil de Conxo e Fontiñas.

Tamén se dota de crédito axeitado e suficiente para facer fronte ao contrato de comedores escolares tendo en conta as modificacións consecuencia da COVID -19, co correspondente incremento de persoal posto a disposición do contrato e aumento dos custos de limpeza.

Como novidade, consígnase crédito para a execución da obra relativa á cuberta da escola infantil consorciada de San Roque.

### **3. Cultura.**

No ano 2021 queremos poñer novamente o foco na cultura. Un sector, xunto co comercio e a hostalería, gravemente afectado pola situación de crise económica provocada pola COVID -19.

Neste sentido nos créditos iniciais do orzamento do 2021 mantéñense as liñas de axudas a empresas e a asociacións para o desenvolvemento de actividades culturais e as liñas de axudas directas aos diversos organismos e asociacións que realizan unha importante labor de creación, fomento e difusión cultural no noso concello. Liquidado o orzamento do 2020 e na medida en que o resultado económico do mesmo o permita, convocaranse novas liñas de axudas para o financiamento de gastos correntes de produción e actividades culturais, dando cumprimento así ao acordo do Pleno da Corporación Municipal do 17 de novembro do 2019 sobre o destino do Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do Concello do exercicio 2019.

Mantense tamén o crédito destinado ao desenvolvemento de actividades culturais directas por parte do concello, entre as que cómpre destacar o Festival de Artes Performativas.

Por outro lado e seguindo a senda iniciada no orzamento do 2020, no proxecto de orzamentos do 2021 dótase crédito para a adquisición de esculturas de



importantes figuras da nosa cultura, en concreto a de Carlos Maside, a da activista e intelectual María Miramontes e a de Exeria, muller da Idade Antiga nacida na Gallaecia; así como de crédito para completar a actuación do Xardín das Pedras que Falan, no xardín de Fonseca.

#### **4. Veciñanza: centros socioculturais e asociacións veciñais.**

Neste ámbito cómpre destacar que durante o ano 2021 licitarase e adjudicárase o novo contrato relativo á dinamización de centros socioculturais. Como xa se veu anunciando por parte do goberno municipal, a principal novidade reside en que licitará en catro lotes, reservando un deles a centros especiais de emprego. A división en lotes permitirá unha maior especialización na prestación do servizo e en última instancia unha maior e mellor atención á veciñanza que fai uso da rede de centros.

Tamén se dota do crédito necesario para poder executar o seguintes investimentos: (1) a totalidade da obra de acondicionamento do centro sociocultural de Salvador Parga; (2) a obra de acondicionamento da calefacción do centro sociocultural de Santa Marta; (3) mellora de centros socioculturais do rural; (4) a mellora das instalacións do Espazo Apego.

#### **5. Turismo. Hostalería.**

O turismo é sen dúbida un valores mais importantes do noso tecido económico. O sector é por desgracia o máis afectado pola crise económica ocasionada pola COVID -19, e dentro del, o sector da hostalería.

Durante o ano 2020 o goberno municipal intentou contribuír, con axudas para o financiamento de gastos correntes, a paliar as terribles consecuencias que está a sufrir, convocando axudas por importe de 1.750.000 euros.

Liquidado o orzamento do 2020 e na medida en que o resultado económico do mesmo o permita, convocaranse novas liñas de axudas para o financiamento de gasto corrente, liña que se verá incrementada con recursos reclamados e obtidos doutras administracións, vía convenio, como é o caso da achega de un millón procedentes da deputación provincial.

Outros dos eixos a desenvolver este ano en materia de Turismo e a posta en marcha do Plan de Sostibilidade Turística. O desenvolvemento sostible é un dos temas centrais e necesarios para o crecemento turístico actual, a través del búscase un equilibrio funcional entre o turismo e as demais funcións urbanas. O turismo é un fenómeno de profunda transversalidade, polo tanto debemos integralo e xestionalo dende unha estratexia xeral urbana, unha estratexia que considere o turismo como un sector de actividade máis, dentro desa complexa rede urbana. É dicir, na actualidade o éxito turístico dunha cidade histórica como Santiago de Compostela depende máis da coordinación de políticas sectoriais con aplicación urbana (urbanismo, mobilidade, cultura, seguridade, etc..) que da simple formulación de políticas turísticas sectoriais. Por iso para o Concello de Santiago a posta en marcha deste plan é unha gran oportunidade para reformular o modelo turístico de Santiago de Compostela e corrixir certas dinámicas do sector.

Este plan se executará nos próximos tres anos terá un orzamento total de 3.000.000 euros. Permitirá desenvolver políticas necesarias en materia de sostibilidade turística recollidas na proposta de actuacións. Falamos concretamente da posta en marcha dunha plan local para o desenvolvemento dun turismo sostible a través de novas estratexias de reactivación, novos produtos turísticos, renovación da marca e instrumentos turísticos; así como un serie de actuacións de inversión na mobilidade turística da cidade, de novas actuacións na cidade histórica, e a incorporación da transición ecolóxica e da economía circular no sector turístico.

## **6. Emprego.**

O compromiso do goberno municipal cun emprego digno e de calidade ponse e manifesto no incremento de máis dun 10,98% respecto do orzamento de 2020 do crédito directamente vinculado a realización de actuacións asociadas á políticas de emprego. Durante o ano 2021 destinaranse 1.866.846,27 euros a tal fin.

Entre as actuacións a desenvolver destacar os programas Santiago Sustentable II, CREAS III e programa integrado de emprego E – COM II, actuacións relativas ao Pacto polo Emprego e á Axencia Local de Colocación e relativas ao fomento do talento e o emprendemento no marco do Foro Talentia Summit.

## **7. Comercio e promoción económica.**

O comercio é sen dúbida outros dos sectores da nosa cidade afectado pola crise provocada pola pandemia da COVID -19.

Ao igual que no caso da hostalería, durante o ano 2020, o goberno municipal intentou contribuír, con axudas para o financiamento de gastos correntes a paliar as terribles consecuencias que está a sufrir.

Liquidado o orzamento do 2020 e na medida en que o resultado económico do mesmo o permita, convocaranse novas liñas de axudas para o financiamento de gasto corrente, liña que se verá suplementada co importe que se destine da achega dun millón de euros comprometida por parte da Deputación Provincial e para o financiamento de gastos, dando así cumprimento ao acordo do Pleno da Corporación Municipal do 17 de novembro do 2019 sobre o destino do Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do Concello do exercicio 2019, en virtude do cal 400.000 mil euros deberá ser destinados a axudas para o financiamento de gastos de capital do comercio local.

En materia de comercio e nunha clara aposta do goberno municipal polo pequeno comercio e de proximidade, intensifícanse as actuacións directas e de fomento xa previstas no orzamento do 2020, entre as que compre destacar o programas de innovación e dinamización do comercio local. Tamén se intensificarán os programas postos en marcha a consecuencia da crise provocada pola COVID -19 como o programa de reactivación das compras mediante a entrega de bonos de compra, así como de bonos de aparcadoiro ou o programa para a dinamización comercial de Área Central.

Polo que respecta á promoción económica, avanzaranse cos traballos relativos á elaboración da Axenda Urbana 2030 así como coas accións de promoción da innovación e transferencia de tecnoloxía no marco do acordo para a reindustrialización de Compostela apoiándose na estrutura de xestión e coordinación da sociedade UNINOVA, en proceso de reformulación dos estatutos e da composición de capital social. Seguiremos involucrados no desenvolvemento do BIOPOLO de a Sionlla, proxecto estratéxico paea atraer e promover a instalación de empresas biotecnolóxicas.

Tamén se realizarán accións destinada ao desenvolvemento ou ampliación de proxectos empresariais de nova creación, e accións de patrocino do Marker Faire Galicia ou da Feira de Emprendedoras de Compostela , nunha clara priorización do liderado empresarial das mulleres e do emprendemento feminino.

Así mesmo impulsaranse as accións relativas ao emprendemento colaborativo da man do programa de fomento da innovación e capacidades STEM e as liñas de colaboración coa Cámara de Comercio e coa Asociación de empresarios do polígono do Tambre, ambas estruturas organizativas elementais no tecido económico do noso Concello.

## **8. Urbanismo e Vivenda.**

En materia de urbanismo, destacar que con cargo ao orzamento do 2021 tramitarase a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal para

á incorporación das delimitacións dos Camiños de Santiago, o Diagnóstico Urbanístico sobre a vixencia do PE-1 Cidade Histórica e novas normativas a cumprir e a redacción do Plan Especial de Conxo entre outros proxectos de Planemento.

En materia de vivenda, destacar que no proxecto de orzamentos se prevé crédito destinado ás axudas á rehabilitación de edificios e vivendas (ARRU CARDEAL QUIROGA E GRUPO COMPOSTELA fase7 e ARRU VITE fase 1 ) así como 175.000 euros destinados as subvencións municipais complementarias á convocadas ao abeiro dos plans estatais nas ARIS.

Tamén con cargo ao orzamento do 2021 se executarán os traballos relativos á actualización do inventario municipal en colaboración coa oficina de xestión orzamentaria e contable

#### **9. Compra pública innovadora.**

Este ano 2021 o proxecto SMARTIAGO continuará co seu desenvolvemento, estase a executar os tres proxectos de CPI nos ámbitos recollidos no convenio (mobilidade, xestión de residuos e alumeadado público) por un valor total de 2.769.313,06 euros; e ademais estase a traballar en dúas licitacións mais de CPI derivadas das primeiras actuacións en materia de mobilidade e xestión da cidade, falamos concretamente dun servizo de I+D para un vehículo eléctrico autónomo multifuncións, e doutro servizo de I+D para o análise e simulación da mobilidade peonil no marco dun *living lab* de deseño de novas estratexias de mobilidade urbana. Ditos proxectos licitaranse este ano por un valor estimado entorno o millón de euros. Coa posta en marcha de todas estas actuacións o

Concello de Santiago cumprirá de maneira destacábel cos obxectivos do proxecto, e converterase nunha cidade referente en innovación pública.

#### **10. Servizos Públicos Básicos**

No orzamento do 2021 consígnase crédito axeitado e suficiente para facer fronte aos gastos dos servizos públicos básicos que se citan a continuación, cuxos novos contratos, prevemos sexan adxudicados ao longo do ano 2021:

- Xestión de residuos e limpeza viaria (incluído o canon de Sogama): 11.654.006,83 euros. O novo contrato de xestión de residuos e limpeza viaria prevese entre en vigor no último cuadrimestre do ano 2021.
- Mantemento de zonas verdes: 4.165.043,48 euros. O novo contrato de mantemento de zonas verdes prevese entre en vigor en maio do 2021.
- Suministro de enerxía (alumeado público e instalacións municipais): 2.696.550,63 euros.
- Mantemento de alumeado público e instalacións eléctricas nos edificios municipais: 1.033.487,57 euros.
- Novo contrato de servizos enerxéticos: 581.013,12 (prevese entre en vigor en novembro do 2021).
- Transporte público: 6.390.171,84 euros.

#### **11. Plan de dixitalización da administración local e ordenación de recursos humanos.**

Durante o ano 2021 concluiremos a implantación da solución da administración electrónica coa posta en produción dos módulos de xestión de ingresos, de contratación, de subvencións e de suxerencias e reclamacións.

Iniciaremos tamén a execución do Plan de Transformación Dixital, no marco do cal será prioridade do goberno contribuir á minoración da brecha dixital. Na actualizade estanse a ultimar os pregos para a licitación da oficina para a transformación dixital.

Así mesmo durante o ano 2021 iniciaremos os traballos relativos á xestión do arquivo municipal. A tal fin licitarse o concurso mediante o que se procederá a ordenación e descrición do arquivo municipal. As primeiras dependencias nas que se actuarán serán no arquivo existente no departamento de urbanismo e no arquivo existente no baixo teito do Pazo de Raxoi.

O capítulo I de gastos ascende á cantidade de 35.010.206,93 euros. O incremento do gasto ven motivado esencialmente pola subida salarial do 0,9% (o que supón un incremento total dos conceptos básicos do orzamento de 268.387,97 €) e por novos programas específicos na área de servizos sociais, de urbanismo, de tesourería o una banda municipal de música ( 676.794,53 euros). Así mesmo no orzamento do 2021 prevese crédito para a execución das seguintes actuacións vitais para o reforzamento da maquinaria municipal:

- Convocatoria dos procesos selectivos de promoción interna dos diferentes grupos e categorías profesionais e dos diferentes procesos selectivos de todos os grupos e categorías.
- Funcionarización do persoal laboral fixo
- Estabilización do persoal interino e temporal.
- Aprobación dun Plan de Ordenación de Efectivos e modificación da RPT.
- Actualización salarial ao establecer os niveis mínimos para todo o persoal por igual en función do grupo e categoría profesional



- Aprobación e convocatoria do Plan de Formación 2021 (plataforma FEGAMP en colaboración coa EGAP).
- Aprobación e implantación dun sistema único de control horario (fichaxe) e aprobación e aplicación da flexibilización da xornada laboral para todo o persoal empregado municipal cuxa xornada non sexa de quendas, establecendo unha flexibilización automática e outra por conciliación.
- Inicio dos traballos para a creación do Portal do Empregado Público.

## **12. Gastos COVID – 19.**

Como se indicou na parte relativa á política social, o incremento do gasto nesta área ven motivado pola necesidade de atender ás novas necesidades derivadas da crise económica provocada pola COVID -19.

Pero ademais, con cargo ao orzamento do 2021 temos que asumir gastos extraordinarios para facer fronte á desequilibrios económicos consecuencia da pandemia. Pola súa importancia destacar as transferencias correntes consignadas a favor organismo autónomo Auditorio de Galicia e da Sociedade Municipal TUSSA. Así no caso do Auditorio de Galicia increméntase á achega en 200.000 euros e no caso da Sociedade Municipal TUSSA prevese unha achega de 293.000 euros e o incremento da cantidade consignada para o transporte público en 1.429.644,08 euros para facer fronte á liquidación do transporte correspondente ao exercicio 2020.

Por outra banda, no exercicio 2021 seguiremos facendo fronte a gastos extraordinarios de limpeza en instalacións municipais (dependencias administrativas, centros socio culturais, instalacións deportivas, centros de

educación infantil e primaria) así como a gastos derivados da adquisición de equipos de protección individual.

### **13. O Rural**

No proxecto de orzamentos prevense investimentos no rural por importe de 2.438.336,35 euros e increméñase o gasto destinado a actuacións de conservación e mantemento, incorporando como novidade actuacións de conservación e mantemento de infraestruturas e equipamentos municipais nas parroquias do rural.

No capítulo de investimentos no rural destacar:

- Ampliación da plataforma do vial entre Cañoteira e Outeiro de Marrozos (2ª fase): 303.700 euros.
- Mellora do viario dende o entorno da N-550 en Barciela ata Casas de Arriba en Cesar: 297.000 euros.
- Rehabilitación de firme de vías rurales: 628.434 euros.
- Acondicionamento do Camiño de Fisterra en Vilariño de Abaixo (Quintáns - Villestro): 210.041 euros.
- Posta en valor da contorna e acceso conxunto Barciela: 187.103,76 euros.
- Rexeneración e reforzo estrutural do pavimento da calzada da Rúa Santa Teresa Jornet (fase II): 137.420,23 euros.

### **14. Investimentos.**

Os capítulos VI e VII investimentos increméntase un 19,82% respecto do orzamento de 2020.

Isto é posible grazas á suspensión das regras fiscais, o que nos permite concertar unha operación de endebedamento de 10 millóns de euros, aproveitando a boa situación financeira na que se atopa o concello de Santiago de Compostela.

Destacar neste apartado novamente o importante impulso que se está a dar ao proxecto de compra pública innovadora de Smartiago cunha dotación de 2.718.455,11 euros (fronte aos 1.105.848,68 previstos no orzamento do 2020) e a dotación de 400.000 euros do Plan de Sostibilidade Turística.

Polo demais destacar pola súa importancia e peculiaridade, os seguintes investimentos, atendendo á seguinte clasificación:

- Investimentos para facer fronte a actuacións imprescindibles dende o punto de vista da salubridade e seguridade pública:
  - o Selado do vertedoiro de Aríns: 988.371,74 euros, que ven a completar o crédito necesario e suficiente para licitar e executar a obra na súa totalidade durante o ano 2021.
  - o Estabilización, reparación e acondicionamento dos muros de Fontiñas e do talud do Bidueiro: 620.545,97 euros.
  - o Depuradora da Silvouta: 453.750 euros.
  - o Transferencia Fundación Refuxio Animiais: 40.000 euros.
- Investimentos para a mellora dos espazos e mobiliario urbano:
  - o Remodelación do parque Alfredo Vicenti: 138.920 euros.
  - o Adquisición de mobiliario urbano: 80.000 euros.

- Instalación de alumado público na rúa das Estrelas e en Figueiras: 147.050 euros.
- Reacondicionamento da dársena da Xoan XXIII.
- Acondicionamento das fontes da cidade histórica: 20.000 euros.
- Transferencia a sociedade mercantil TUSSA para a compra de equipamento destinado á futura estación de autobuses.
- Investimentos para a mellora dos viais urbanos:
  - Aparcadoiro de Triacastela: 364.459,80 euros.
  - Reurbanización de Concheiros: 423.612,53 euros.
  - Rehabilitación de firme vías urbanas: 1.500.000 euros.
- Investimentos en inmobles municipais:
  - Investimento no CSC de Santa Marta: 128.930,23 euros.
  - Investimento CSC de Salvador Parga: 37.180,99 euros.
  - Investimento mobiliario equipamentos deportivos: 50.000 euros.
  - Reparación de cubertas de pavillóns municipais: 200.000 euros.
  - Pulido e vernizado da tarima de parqué do pavillón de Fontiñas: 45.000 euros.
  - Reparación da cuberta da escola infantil do Tambre: 87.809,05 euros.
  - Equipamento para o espazo Apego: 18.000 euros.
  - Equipamento para o centro xove da Almáciga: 14.000 euros.
  - Equipamento para as escolas infantís municipais: 15.000 euros.
  - Investimento na pasarela da intermodal: 280.000 euros.
- Investimentos financiados con fondos Edusi(os mais destacables):
  - Plataforma de administración electrónica: 244.900 euros.

- Integración da solución de administración electrónica co sistema de facturación e co sistema de contabilidade: 300.000 euros.
- Restauración río Sarela: 435.665,98 euros.
- Rehabilitación do edificio Casa das Máquinas: 145.459,88 euros.
- Recuperación Campus Sur para o Cidadá: 157.392,16 euros.
- Centro Integral para a Inclusión Social de Santiago de Compostela: 580.887,89 euros.

A concelleira de Economía, Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local

Marta Abal Rodríguez